

### **1.3** CONSELLO ESCOLAR DO PRINCIPADO DE ASTURIAS

# CONSELLO ESCOLAR DO PRINCIPADO DE ASTURIAS

## I. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APTITUDINAL

### I.1 DESENVOLVEMENTO LEXISLATIVO

- LODE:** Desenvolvemento do compromiso da Constitución Española.  
Art. 1.1: Dereito de todos á educación.  
Art. 6.1.f) Dereito do alumno á orientación educativa e profesional
- LOXSE:** Expresa o contido básico da atención á diversidade.  
Art. 1.1.a): Pleno desenvolvemento da personalidade do alumno.  
Art. 2.3.a): Formación personalizada.  
Art. 2.3.g): Atención psicopedagóxica e orientación educativa e profesional.  
Art. 3.5: Adaptación dos ensinos ós alumnos con necesidades especiais.  
Art. 14.3: Ensino persoal. Adaptacións ós diferentes ritmos de aprendizaxe.  
Art. 20.4: Metodoloxía adaptada ás características do alumno.  
Art. 21.1: Atención á pluralidade de necesidades, aptitudes e intereses do alumno.  
Art. 23.1: Posibilidade de diversificación do currículo.  
Art. 23.2: Programas específicos de garantía social.  
Art. 36.1: Disposición dos recursos para que os alumnos con necesidades educativas especiais acaden os obxectivos xerais dentro do sistema.  
Art.36.2: Identificación e valoración das necesidades educativas especiais.  
Art. 36.3: Atención baixo os principios de normalización e integración escolar.  
Art. 37.3: Educación especial só se non é posible en centro ordinario. Revisión periódica.  
Art. 60.2: Garantía de orientación académica, psicopedagóxica e profesional.  
Art. 63.1: Desenvolvemento de accións compensatorias.  
Art. 64: Actuación preventiva e compensatoria para favorece-la escolarización en educación infantil.  
D.A. 3ª.c): Incorporación de profesor de apoio para alumnos con problemas de aprendizaxe.

- LOPEGCE:** D.A.2ª.1: Garantía de escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais.
- D.A.2ª.2: Obriga dos centros de escolarizar alumnos con necesidades educativas especiais.
- D.A.2ª.3: Promoción da escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais en educación infantil.

## **I.2 ANTECEDENTES E TRADICIÓN SOBRE O TEMA**

O recoñecemento que hoxe en día ten no campo educativo o feito de “ser diferente” e, por tanto, do dereito a recibir un “tratamento diferente”, é froito da evolución do concepto social da educación, principalmente na segunda metade do século XX e do empeño dos sectores progresistas da sociedade por lograr situa-la “educación” como base do principio democrático de igualdade de oportunidades. Podemos reflecti-la evolución do concepto de *diversidade educativa*, sen ánimo ningún de sermos exhaustivos, nos apartados que seguen.

As investigacións sociolóxicas e psicolóxicas levadas a cabo trala II Guerra Mundial puxeron de manifesto a importancia do nivel económico e cultural da familia na formación inicial do neno e a súa influencia no rendemento escolar posterior: a relación entre intelixencia e clase social (Havighurst e Yanke, 1947, Lesser, 1965), os descubrimentos da Bioloxía sobre a influencia da experiencia dos primeiros anos na formación do sistema nervioso (Denenberg, 1962, Bennet et al., 1964) e especialmente a volta ó primeiro plano de discusión social do vello debate progresista herdanza-ambiente como factor básico das desigualdades sociais, relanzaron nas democracias máis consolidadas a necesidade de pór en práctica políticas educativas máis agresivas no campo da compensación de desigualdades de orixe.

É case unánime entre os investigadores o citar como punto de partida dos programas oficiais sobre compensación educativa a *Acta sobre os dereitos humanos* do Congreso dos EE.UU de América, no ano 1964. Nela afirmase que “*a verdadeira igualdade de oportunidades esixe iguais resultados escolares para tódolos grupos sociais, independentemente da súa orixe, raza, sexo, clase social, nacionalidade,...*”

A primeira actividade educativa compensatoria de desigualdades denominouse “Head Start” e tivo lugar nos EE.UU en 1965. Consistiu nun cursiño intensivo de verán para nenos de baixo nivel socioeconómico con vistas ó seu ingreso no sistema educativo xeral. Na década dos anos setenta proliferaron actividades como a reseñada, con base case exclusivamente no nivel socioeconómico da familia e o cociente intelectual do neno.

En España o réxime dictatorial repudiou as exposicións que neste eido esbozara o movemento de renovación pedagóxica da *Institución Libre de Ensino* no período da II República e arbitrou un sistema –plasmado na Lei de ensino primaria de 1945- de marcado carácter burocrático, de ideoloxía única no político e radicalmente católica no confesional e de currículo pechado totalmente prescriptivo, fiel reflexo dunha situación carente de liberdades individuais e públicas, que-

brada economicamente e illada politicamente das correntes educativas –socialmente renovadoras– que triunfan en América e Europa.

A ausencia de liberdades básicas propiciou un sistema educativo autoritario, doctrinario, tecnocrático e intolerante con outras formas de pensar ou rezar –interculturalidade– que privou ó profesorado da súa vertente investigadora, lle cedeu a primacía do ensino secundaria ós colexios relixiosos católicos –agudizando con iso as diferencias de clase social– e limitou as súas actuacións no campo da igualdade de oportunidades ás campañas de alfabetización de adultos e á posta en marcha de cursos de capacitación profesional ocupacional por necesidades urxentes do mercado laboral da época e tras repetidas chamadas de atención da UNESCO sobre o alto índice de analfabetismo existente en España.

A Lei xeral de educación de 1970 –Lei Villar Palasí– supuxo un considerable avance sobre a chamada Lei Moyano, inalterable nas décadas anteriores, no relativo á concepción social da educación como elemento corrector das desigualdades. Non obstante, esta lei quedou no papel nos seus postulados básicos por exceso de tecnocracia e ausencia de vontade política de levala a efecto. Ámbolos factores impediron o desenvolvemento curricular dos seus artigos.

A Lei xeral de educación de 1970 regulou a educación especial cun marcado carácter segregacionista, dividindo o alumnado con necesidades de educación especial en dous bloques claramente diferenciados: os deficientes psicossomáticos con alto grao de deficiencia e os deficientes menos significativos. Os primeiros deberían ser atendidos en centros específicos e os outros paralelamente nos centros ordinarios. Non se consideraban outras causas de atraso escolar.

Na década dos anos oitenta e gracias á tarefa innovadora e de investigación do profesorado, a través principalmente dos denominados movementos de renovación pedagóxica, foise transformando a concepción segregacionista descrita por outra máis integracionista: a atención á diversidade –agás no caso de deficiencia profunda– tende a integrarse nos centros ordinarios por medio de desenvolvementos curriculares significativos para aplicar en parte do horario lectivo. O sistema educativo débelle dar resposta ás necesidades educativas de todos. Poderíase resumir na frase “unha escola para todos, unha escola aberta á diversidade”.

Varias comunidades autónomas recollen na súa ordenación académica esta nova concepción da educación especial. Abonda citar, como máis significativo, o Decreto 117/84 da Xeneralidade de Cataluña –abril de 1984– polo que se regula a posta en marcha dun plan bicuatrienal de integración da educación especial nos centros cataláns ordinarios.

A Lei orgánica do dereito á educación (1985) e a Lei orgánica de ordenación do sistema educativo (1990) amplían a concepción de diversidade educativa ó fracaso escolar debido a diversas causas –ademais das psicossomáticas– como poden ser: deficiente escolarización, problemática familiar, enfermidade prolongada, características do proceso individual de aprendizaxe, atrasos significativos temporais, etc. A atención a esta diversidade débese realizar nos centros ordinarios mediante adaptacións curriculares ocasionais ou significativas a cargo do profesorado das materias implicadas e profesorado de apoio, coordinados polo departamento de orientación do centro educativo.

O desenvolvemento curricular das mencionadas leis orgánicas propicia a regulamentación de novas figuras, como: apoio educativo sectorializado, diagnóstico e recoñecemento oficial da clasificación de alumnado con necesidades educativas especiais, cursos de diversificación en 3º e 4º da ESO, cursos de garantía social á fin da escolarización obrigatoria, equipos multiprofesionais, departamentos de orientación en centros, opcionalidade educativa, etc. Este proceso de afondamento no tratamento da diversidade educativa plásmase na regulamentación actual das “actuacións de compensación educativa en centros docentes sostidos con fondos públicos” (Orde ministerial do 22 de xullo de 1999).

Como remate desta sucinta visión histórica do tema da “diversidade educativa” cómpre recoñecermos que está moi lonxe de ter unha solución minimamente aceptable o problema do fracaso escolar e, por tanto, que aínda está lonxe a consecución da igualdade de oportunidades a que se refería a *Acta dos dereitos humanos* en EE.UU (1964). Dúas das causas principais da cualificación negativa do tratamento da diversidade na importantísima etapa educativa de 12-16/18 anos son a falta de vontade política de dota-los centros dos medios materiais e humanos necesarios e a falta de identificación co tema de boa parte do profesorado de educación secundaria.

Tamén se debe pór de manifesto a grande influencia que hoxe teñen na problemática infantil e xuvenil a familia, os medios de comunicación e as características socioeconómicas da zona, polo que o tratamento educativo da diversidade pasa na actualidade pola coordinación de actuacións paralelas co alumnado, cos pais e coas institucións e asociacións do ámbito xeográfico de cada centro educativo, levadas a cabo de maneira integrada por pedagogos, psicólogos, sociólogos, profesorado, traballadores sociais, servizo de saúde, etc., como integrantes de equipos multiprofesionais dedicados ó tratamento do fracaso escolar dende a multiplicidade das súas causas. É o reto da primeira década do novo século.

## *EN ASTURIAS, A ATENCIÓN A DIVERSIDADE CENTROUSE FUNDAMENTALMENTE EN:*

### **1. Auxiliarías e escolas municipais**

Auxiliarías: Eran prazas de mestre vencelladas a outra escola, unitaria ou graduada, na que o elevado número de alumnos requiría o labor do mestre auxiliar, subordinado a el.

Escolas municipais: Eran as que organizaban os concellos, unha vez cumpridos os mínimos marcados pola Lei Moyano, para que o ensino estivera ben atendido. Existían 100 escolas destas na década do 1920 ó 1930.

### **2. Fundacións benéfico-docentes e padroados**

Escolas financiadas por indianos con dous claros obxectivos: supli-las carencias educativas da súa localidade e dotarse de persoal cunha mínima preparación, como recursos humanos para as

súas empresas. Unhas veces a dotación incluía edificio, materiais e mantemento, e outras, en vez de establecer unha fundación, doábaselle o edificio-escola á vila ou ó concello e só se corría co custo, posteriormente, o soldo do mestre.

### 3. Escolas municipais articuladas como unha rede primaria propia nalgúns concellos mineiros

Permaneceron en áreas de concentración de poboación inmigrante nova, con altos índices de natalidade, e onde había unha grave insuficiencia crónica dos servizos educativos. Isto tamén xurdía por parte da desconfianza dos obreiros de enviaren os seus fillos a un centro público, onde o labor do mestre non quedaba baixo o control dos pais ou concelleiros. Como contrapartida a isto, podíase falar dunha “subescolarización” nestes centros no sentido de falta de espazo, hixiene, materiais, etc.

### 4. Escolas patrocinadas por sociedade ou sindicatos

Aparecen a primeiros de século a carón das casas da vila ou sociedades obreiras nas comarcas mineiras. Eran subvencionadas polos concellos. Rexeitaban o burocratismo da escola nacional e a educación da privada confesional.

### 5. Escolas temporeiras e de mestres babianos

Aparecen a finais do XIX. Funcionaban dende novembro a marzo nas pequenas aldeas de montaña, para aproveitalos fríos meses de inverno, dándolles un coñecemento básico a nenos e rapaces.

### 6. Escolas aconfesionais de empresas

Non foron frecuentes, xa que as grandes empresas mineiras e siderúrxicas elixiron o ensino relixioso para as escolas que fundaron, destinadas ós fillos dos traballadores, o que implica que nos comezos do século XX a Igrexa comezou a súa progresiva no ensino primario.

### 7. O ensino relixioso nas zonas urbanas

Cubría un ámbito máis amplo incorporando tamén bacharelato, preparación de oposicións, estudos comerciais, ensinos do fogar, etc. Estes centros privados tiñan outros obxectivos alén dos simplemente instructivos. En primeiro lugar, expúñase como unha actividade mercantil que debía

ofrece-los mellores servicios a cambio dunha cota de pagamento. De aí a variedade na oferta de estudos, a posibilidade de cubrir primaria e bacharelato sen interrupción nin cambios, a calidade dos locais escolares, etc. Ademais, combinaba a alta calidade material con outros valores de corte conservador, como a práctica da beneficencia ou o paternalismo: nos colexios, con frecuencia, había unha aula de nenos pobres xunto ós de pagamento, acollíanse os nenos e nenas orfos, combinábanse con actividades formativas para serventas, etc.

## 8. Orfanato Mineiro A sturiano

É unha das institucións máis afamadas polo seu labor social e pedagóxico. Nas súas orixes foi un establecemento benéfico social sostido por sindicatos e empresas, pero no que a súa actividade educativa dependía do MIP e a súa organización dun padroado con representación do Ministerio de Industria, a patronal e os traballadores. Sostíñase con achegas económicas de patróns e mineiros. A iniciativa partiu do SMA (UXT) en 1917, considerando o abandono e a miseria en que se atopaban os orfos de mineiros.

## 9. Educación popular e formación de adultos

- Clases nocturnas de adultos no ensino público: A súa finalidade era supli-las carencias formativas de grande parte da poboación, aumenta-los coñecementos de tipo xeral e potencia-la escolarización dos nenos afastados do sistema escolar en curta idade; estaban dirixidas a maiores de 15 anos e con profesorado oficial.
- Aulas educativas relixiosas: Unía fins formativos e ideolóxicos, con primacía destes últimos, dentro dun marcado ambiente de paternalismo social. Indican xa un afán moralizante dos costumes da clase traballadora e a pretensión de corrixi-las desviacións naturais e encamiñalas en consonancia cos principios da Igrexa católica e cos valores da clase dominante.
- Centros de sociabilidade popular: Ateneos, sociedades culturais de instrucción e recreo ou centros obreiros (sindicatos, casas da vila, etc.). Asumían unha dobre función: por un lado, a superación do analfabetismo dos saberes instructivos básicos e, paralelamente, do analfabetismo de conciencia, derivado da súa condición de clase social subalterna.

## I.3 SOLUCIÓNS E ESTRATEXIAS

### 1.3.A *ORIENTACIÓN E TRATAMENTO DA DIVERSIDADE*

A atención á diversidade implica procesos, actuacións e medidas educativas dirixidas a que o ensino se axuste ás diferentes capacidades, intereses e motivacións dos alumnos, e susténtanse nos

principios de normalización e de integración escolar, para o que se establece que os alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a sobredotación e/ou discapacidade física, sensorial ou motora se escolaricen, con carácter xeral, nos centros e programas ordinarios. Os centros especiais resérvanse deste xeito para os alumnos con discapacidades nas que a avaliación psicopedagóxica determine un nivel de adaptación e integración moi escaso, requirindo adaptación extrema en tódalas áreas do currículo.

Para proporcionar a cada un a resposta que precisa, céntrase a atención non só nas características e as necesidades individuais, senón tamén na organización do centro e da aula. Estes deben adaptar obxectivos, contidos, criterios de avaliación e metodoloxía xeral ás características singulares dos alumnos. E no caso de necesidades especiais asociadas á discapacidade, deberán contar con mestres especialistas en Pedagogía, en terapéutica e en audición e linguaxe, en ocasións acompañados doutros profesionais como fisioterapeutas ou auxiliares técnicos educativos.

De xeito xeral, os centros dispoñen do servizo de orientación educativa e psicopedagóxica, que proporciona apoios específicos e colabora na consecución dos seus obxectivos. Neste sentido, ademais dos departamentos de orientación nos IES, témo-los EOEP xerais do sector e os específicos provinciais, ademais dos de atención anticipada, compostos por psicólogos, pedagogos e traballadores sociais.

### *1.3.B PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE*

#### *1.3.B.1 Sobredotación intelectual*

Os alumnos con necesidades educativas especiais asociadas á sobredotación escolarízanse en centros ordinarios, e as medidas que se adopten no proxecto curricular deben formar parte das medidas ordinarias de atención á diversidade. A resposta educativa a este tipo de necesidade poderá supor unha ampliación curricular ou unha flexibilización do período de escolarización obrigatoria.

A ampliación curricular realizarase nos casos en que a avaliación psicopedagóxica valore un rendemento excepcional nun número limitado de áreas, ou cando o alumno ten un rendemento global excepcional e continuado, pero se detecta desequilibrio nos ámbitos afectivos e de inserción social.

Neste tipo de actuación poderase incluír tamén a posibilidade de cursar unha ou varias áreas no nivel inmediatamente superior, sempre que se valore un rendemento alto e continuado nelas e que se teñan adquiridos os obxectivos do ciclo ou nivel que lle corresponde cursar; medidas de enriquecemento na adquisición e desenvolvemento das linguaxes informática e musical e na aprendizaxe de linguas estranxeiras; e formulas organizativas flexibles que faciliten a súa incorporación a grupos de diferente nivel de competencia curricular ó que correspondería segundo a idade.



A flexibilización do período de escolarización obrigatoria poderá consistir na anticipación do comezo da escolarización obrigatoria ou na redución dun ciclo educativo en primaria e outro en secundaria. O máximo de redución será de dous anos, pero en ningún caso se aplicarán no mesmo nivel ou etapa educativa. Tratándose dunha medida excepcional, para que se adopte deberán de cumprirse unhas condicións e un procedemento establecido respecto ós contidos, ó propio alumno, ó contexto escolar e ó contexto familiar e social.

### I.3.B.2 Discapacidade psíquica, sensorial ou motora. Escolarización en centros.

A atención ós alumnos con necesidades educativas especiais deste tipo comeza tan pronto como se advirten as circunstancias que a aconsellan, ou cando se detecta o risco de aparición da discapacidade, como resultado dunha avaliación psicopedagóxica efectuada polos servizos de orientación, acompañada por unha resolución de dictame de escolarización emitida pola inspección educativa. A este respecto, os pais ou tutores teñen dereito a unha información continuada de tódalas decisións que en relación coa escolarización dos fillos se tomen, debendo a Administración educativa garanti-lo carácter revisable das ditas decisións.

Como norma, en educación infantil o alumnado con discapacidade poderá permanecer nesta etapa un ano máis, tralo informe dos servizos de orientación e autorización da Administración educativa.

En educación primaria contéplase a escolarización preferente de determinados alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de discapacidade nun mesmo centro, denominados de “integración preferente”, cando a natureza da resposta comporta un equipamento singular ou unha especialización profesional de difícil xeneralización. Ó finalizar este nivel, os servizos de orientación deben emitir informe sobre o proceso educativo ó longo da educación primaria, e trasladalo á inspección educativa para que resolva sobre a súa futura escolarización e o centro onde terá que continua-los seus estudos.

En educación secundaria a planificación contempla a existencia de centros que atendan, na modalidade de “integración preferente”, ós alumnos con necesidades que requiren o concurso de medios técnicos e profesionais de maior especificidade. Ademais, as características desta etapa aconsellan non excluír que se adopten fórmulas organizativas nos centros en que os alumnos realicen unha parte ou a maioría das actividades de ensino e aprendizaxe nunha unidade específica, sobre todo cando a necesidade está asociada a unha discapacidade psíquica.

No bacharelato e no ensino postobrigatorio en xeral, a Administración educativa velará para que os alumnos con necesidades educativas especiais que obtiveron o título de graduado en educación secundaria conten cos medios necesarios para proseguir-los seus estudos coas adaptacións curriculares pertinentes.

### I.3.B.3 Alumnado en centros específicos de educación especial

Os alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade psíquica, sensorial ou motora, graves trastornos do desenvolvemento e múltiples deficiencias, escolarízanse nun centro específico de educación especial só cando trala correspondente avaliación psicopedagóxica se aprecia que deberán requirir adaptacións curriculares moi significativas na práctica totalidade das áreas, e/ou medios persoais ou materiais pouco comúns nos centros ordinarios. Non obstante, en determinadas ocasións, os centros ordinarios das zonas rurais poden habilitar algunhas aulas (substitutorias de centros específicos de educación especial) para estes alumnos.

O alumnado escolarizado nos centros de educación especial e nas aulas substitutorias desta cursan unha proposta curricular específica, o ensino básico obrigatorio e os programas de formación para a transición á vida adulta, cun compoñente de formación profesional específica, encamiñados a facilita-lo desenvolvemento da autonomía persoal e a integración social.

## I.4 PROPOSTAS E SUXESTIÓNS DE MELLORA

Contempla-la atención á diversidade como unha exposición metodolóxica que se lle debe aplicar a todo o alumnado e non só ós escolares con problemas de aprendizaxe, de adaptación social ou de minusvalías psicosomáticas.

Adecuar tanto a formación inicial do profesorado como a permanente, ós novos modelos educativos que a atención á diversidade implica.

Débese acomoda-lo horario do profesorado a este novo modelo educativo.

Vertebración axeitada dos obxectivos entre primaria e secundaria.

Desenvolver un plan de acción tutorial que responda ás necesidades individuais e que faga efectivo o principio de atención á diversidade.

Que exista dentro da aula a posibilidade de atender as necesidades educativas especiais con agrupamentos e currículos flexibles.

Considerar como un valor tanto a coexistencia de distintos estilos de aprendizaxe como os diferentes intereses e perspectivas de futuro dos alumnos. A cohesión do grupo-clase ten que ser unha constante onde se faga efectiva a “coexistencia das diferencias”.

Mellora-lo control, por parte da Administración educativa e os seus mecanismos para exercelo, do cumprimento íntegro da normativa existente respecto da atención á diversidade.

Dota-los centros dos recursos específicos para atender ás necesidades educativas especiais de forma xustificada.

## II. INTERCULTURALIDADE

### II.1 DESENVOLVEMENTO LEXISLATIVO

#### II.1.A *LODE: DESENVOLVEMENTO DO COMPROMISO DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA.*

- Art. 1.2: Non discriminación económica, social ou de residencia.
- Art. 1.3: Iguais dereitos para os estranxeiros.
- Art. 2: Fins da actividade educativa:
- \* Respecto ós dereitos e liberdades fundamentais. Tolerancia.
  - \* Respecto á pluralidade lingüística e cultural.
  - \* Formación para a paz, a cooperación e a solidariedade.
- Art. 4: Dereitos dos pais: formación relixiosa e moral segundo as propias conviccións.
- Art. 6: Dereitos dos alumnos:
- \* Liberdade de conciencia. Respecto ás súas conviccións relixiosas e morais.
  - \* Respecto á integridade e dignidade persoal.
  - \* Axudas para compensar carencias familiares, económicas e socioculturais.
- Art. 18.1: Neutralidade ideolóxica e respecto ás opcións relixiosas e morais.
- Art. 20.2: Non discriminación ideolóxica, relixiosa, moral, social, de raza ou de nacemento.
- Art. 48.3: Preferencia nos concertos: atención a poboacións socialmente desfavorecidas.
- Art. 52.2: Ensino no respecto á liberdade de conciencia.
- Art 52.3: Carácter voluntario da práctica confesional.

#### II.1.B *LOXSE: RECOLLE DE XEITO EXTENSO AS BASES PARA UNHA EDUCACIÓN INTERCULTURAL.*

Exposicións de motivos:

- \* Formación para exercer a liberdade, a tolerancia e a solidariedade.
- \* Educación contra a discriminación e a desigualdade.

- Art. 1: Fins:
- \* Respecto ós dereitos e liberdades fundamentais. Exercicio da tolerancia e da liberdade.
  - \* Respecto á pluralidade lingüística e cultural.
  - \* Formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.
- Art. 2.3: Principios da actividade educativa:
- \* Valores morais para a vida persoal, familiar, social e profesional.
  - \* Rexeitamento a toda discriminación e respecto a tódalas culturas.
  - \* Hábitos de comportamento democrático.
- Art. 13: En educación primaria:
- \* Capacitar no aprecio ós valores básicos da vida e a convivencia.
- Art. 18: En educación secundaria:
- \* Solidariedade e tolerancia. Principio de non discriminación entre as persoas.
- Art. 18: En bacharelato:
- \* Participación solidaria no desenvolvemento e mellora do contorno social.
- Art. 63.1: Facer efectivo o principio de igualdade mediante accións compensatorias.
- Art. 62.2: Evita-las desigualdades sociais, económicas, culturais, xeográficas, étnicas, etc.
- Art. 64: Compensación en educación infantil.
- Art. 65: Compensación en educación primaria e educación secundaria obrigatoria.
- Art. 66: Bolsas e axudas. Educación especial de educación de adultos.
- Art. 67: Programas das administracións educativas.

### *II.1.C LOPEGCE: AMPLÍA O CONCEPTO DE DIVERSIDADE.*

Exposición de motivos: dereito á educación para todos, sen discriminacións.

D.A. Segunda.1: Alumnos con necesidades educativas especiais: os de situacións sociais ou culturais desfavorecidas.

Reais decretos do currículo (1991) e orde de actuacións de compensación (22/07/1999).

### **II.2 ANTECEDENTES E TRADICIÓN SOBRE O TEMA**

Os principios antecedentes da escolarización de alumnos doutras culturas corresponden, maioritariamente, ós núcleos importantes de fillos de portugueses chegados nos 50 e 70 para traballar na mina. Fillos e netos escolarizados, cos sinais de identidade moi difuminados. A aprendi-

zaxe foi asimilacionista totalmente e foi nestes últimos anos cando, dentro do espacio de cooperación institucional existentes entre España e Portugal, véñse desenvolvendo un programa para o mantemento da súa propia lingua e cultura. Aínda hoxe é frecuente que rexeiten recibir ensinamentos de lingua e cultura portuguesa e teñen moitos problemas para se expresaren no seu propio idioma. Habería que iniciar tamén o traballo de recuperación cultural polos adultos co obxecto de que valoren a súa propia tradición.

Actualmente existen tamén ata 20 grupos minoritarios de diferentes nacionalidades: Guinea Ecuatorial, Rusia, Ucraína, Armenia, Iugoslavia, Romenia, etc. A maior parte dos nenos acoden ó colexio de man dunha ONG. Como exemplo, e referíndonos a unha das tres cidades máis importante de Asturias, Xixón, podemos falar aquí de 650 alumnos pertencentes a minorías étnicas -cifra que case duplica o número existente o curso anterior- e dos que 250 son xitanos de ascendencia portuguesa. Entre o 60% e o 70% dos escolares desta etnia abandona a ESO e o índice de universitarios é mínimo. Así mesmo, máis do 10% dos nenos que integran estes grupos teñen un nivel de castelán nulo.

Outro apartado importante, dentro da nosa comunidade, constitúe a escolarización do bable e galego-asturiano.

## II.2.A MARCO LEGAL

### Estatuto de Autonomía para Asturias.

Artigo 4: "O bable gozará de protección; promoverase o seu uso, a súa difusión nos medios de comunicación e o seu ensino, respectando, en todo caso, as variante locais e a voluntariedade na súa aprendizaxe.

Artigo 10.1.15: É competencia do Principado o fomento e protección do bable nas súas diversas variantes que, como modalidades lingüísticas, se empregan no territorio do Principado de Asturias.

Inicio: 1ª Resolución de convenio para o ensino do bable: 18 de xullo de 1984.

Desenvolvemento de posteriores convenios conforme o incremento da demanda e a dotación de profesorado ós centros.

### Lei 1/98, do 23 de marzo, de uso e promoción do bable/asturiano

Capítulo 1. Artigo 2: O réxime de protección, respecto, tutela e desenvolvemento establecido nesta lei para o bable/asturiano estenderase, mediante regulamentación especial, ó galego/asturiano na zonas nas que ten carácter de modalidade lingüística propia.

Capítulo 3. Do ensino. Todo este capítulo vai dirixido ó ensino e promoción dentro do sistema educativo. Cómpre facer especial referencia ó punto 3, onde se especifica que: “A elección do estudio ou do uso do bable/asturiano nas súas variantes como materia do currículo en ningún caso poderá ser motivo de discriminación dos alumnos”.

### RESUMO DA EVOLUCIÓN DA ESCOLARIZACIÓN

Curso 84/85	6 colexios	1.351 alumnos
Curso 99/00*	181 colexios (1 só centro p.concertado.)	14.677 alumnos
•Galego/asturiano	2 colexios	182 alumnos

## II.3 SOLUCIÓNS E ESTRATEXIAS

### II.3.A ACTUACIÓNS DE COMPENSACIÓN EDUCATIVA EN COLEXIOS PÚBLICOS, INSTITUTOS E CENTROS DE FORMACIÓN DE PERSOAS ADULTAS:

Destinatarios: Alumnado xitano.

Alumnado inmigrante.

Alumnado en situacións de abandono familiar e/ou marxinação.

Alumnado escolarizado en ESO en risco de abandono do sistema por desfa-se escolar moi significativo, froito das súas condicións sociofamiliares

Accións: De compensación interna: apoio directo ó alumnado.

De compensación externa: seguimento e control do absentismo escolar (coordinación con equipos de traballo social do contorno, visitas a familias, etc.) e programas de mediación para favorecer-la participación no centro das familias do alumnado en desvantaxe.

### II.3.B PROGRAMA DE LINGUA E CULTURA PORTUGUESA

Programa enmarcado dentro das orientacións e recomendacións da Unión Europea en relación coa atención educativa ós fillos de traballadores residentes noutro país diferente ó de orixe. Desenvólvese en colexios públicos e institutos onde existe un número significativo de alumnado de orixe portuguesa ou lusoparlante.

Actividades: educación intercultural baseada, por unha parte, no recoñecemento e apoio do dereito dos grupos minoritarios ó mantemento e expresión da súa propia lingua e cultura e, por outra, na necesidade de formar todo o alumnado no coñecemento e aprecio das distintas culturas presentes na escola. Neste sentido, o programa desenvólvese con dous ámbitos de actuación indisolubles e complementarios:

1. Actuacións educativas dirixidas á totalidade do alumnado e ó conxunto da comunidade educativa.
2. Atención específica ós alumnos de orixe portuguesa ou lusoparlante.

### *II.3.C PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS EDUCATIVOS TRANSNACIONAIS, DESENVOLVIDOS NO MARCO DO PROGRAMA SÓCRATES, CAPÍTULO II COMENIUS, CON FINANCIAMENTO DA COMISIÓN DAS COMUNIDADES EUROPEAS*

#### *II.3.D ESCOLAS VIAXEIRAS*

Este programa xorde de forma experimental no ano 1983 con catro cabeceiras de ruta entre as que se atopa Asturias. O seu obxectivo prioritario é promover a convivencia e cooperación entre alumnos de diferentes comunidades españolas, respectando as súas diferencias sociais e culturais e fomentando os hábitos saudables e o coidado da educación en valores de maneira explícita en todas as actividades desenvoltas.

Na nosa comunidade recíbense 30 grupos durante 10 semanas repartidas en dúas campañas, primavera e outono; Asturias é unha das que máis grupos recibe. Ademais, 15 grupos de alumnos asturianos participan no programa saíndo a outras comunidades.

#### *II.3.E ALDEA DIXITAL*

Acceso ás novas tecnoloxías a través da instalación de internet nos centros docentes emprazados nas zonas rurais. En Asturias existen 34 centros rurais agrupados que abranguen un total de 260 pequenas escolas dispersas pola nosa xeografía e ás que asiste un total de 4.500 alumnos.

#### *II.3.F PROXECTOS E INICIATIVAS AUTONÓMICAS*

- 1.- Elaboración e desenvolvemento de programas como o Programa de Acollida Sociolingüística para Escolares (PASE) enmarcado dentro do Proxecto Intercultural en Educación, Redes e Actuacións (PIEDRA).

- 2.- Estase a traballar actualmente na posta en marcha dun programa integral de atención ó inmigrante coordinando as distintas áreas do Principado: educación, servicios sociais e saúde, e cambio de actuais normas legais. Os obxectivos son elimina-las situacións de precariedade, facilita-la estabilidade, permitir que a vida cotiá dos inmigrantes se seme lle en dereitos e obrigas á da poboación asturiana e fomenta-lo respecto e interese por parte da sociedade asturiana cara a distintas formas de vida.

## **II.4 PROPOSTAS E SUXESTIÓNS DE MELLORA NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE INTERCULTURAL**

### *II.4.A INTERNACIONALIZACIÓN DO CURRÍCULO*

Elaboración do currículo dende unha perspectiva internacional a través dos contidos, metodoloxía e recursos, a avaliación e a formación do profesorado, cunha porcentaxe importante dedicada dentro da aula, e fomentando aínda máis os programas de intercambio (bacharelato internacional, intercambios escolares, escolas viaxeiras, etc.) e o emprego de materiais que superen fronteiras: internet, etc.

### *II.4.B CONTEXTUALIZACIÓN DO PEC E DO CURRÍCULO*

Facendo explícitas as diferentes identidades culturais presentes no centro, tomando conciencia da ampla gama de diversidade intercultural existente e o seu tratamento como productoras de novas minorías: diversidade tecnolóxica e de acceso á información, diversidade autonómica, diversidade social e económica, etc.

### *II.4.C AFONDAMENTO E POSTA EN PRÁCTICA DA EDUCACIÓN EN VALORES*

Evitando por tódolos medios a intolerancia en tódalas manifestacións da vida escolar.

### *II.4.D APRENDIZAXE COOPERATIVA*

Continua interrelación e traballo en grupo na aula, coñecemento e estudio da realidade dos novos alumnos, programa de acollida.



#### *II.4.E ASESORAMENTO E PARTICIPACIÓN DOS PAIS E INSTITUCIÓNS, CONCELLOS, SERVICIOS SOCIAIS, ETC.*

Coordinación destes cos equipos docentes.

O tratamento debe ser integrador, para o que ten que saír da aula e implica-lo resto do arco social onde o alumno se desenvolve.

#### *II.4.F DEFINICIÓN DE NOVAS FIGURAS DO PROFESORADO*

Para que sexa posible a atención á diversidade socio-étnico-lingüística dos centros.

#### *II.4.G MELLORA-LA DOTACIÓN DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES*

En especial as de aula, incorporando lecturas e textos de referencia para a investigación sobre a diversidade sociocultural da comunidade educativa.